



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN
EN DATA 29 DE NOVEMBRO DE 2012.**

ASISTENTES:

ALCALDE-PRESIDENTE:

D. Melchor Roel Rivas

CONCELLEIROS:

D^a. María Loureiro García, D. Jesús Antonio Fernández Cal, D^a. M^a. Isabel Rodríguez López, D. Carlos Alberto Gueimunde Cabaleiro, D^a. Covadonga Viamonte Aguirar, D. Bernardo José Fraga Galdo, D. Manuel Galdo Dopico, D^a. Olaia Casas Chaves, D. César Aja Mariño, D^a. M^a del Carmen Gueimunde González, D. Celestino Valentín García Paz, D. Antonio José Bouza Rodil, D^a. Cándida Méndez Salgado, D. Guillermo Leal Arias e D. Jesús Fernández Fernández.

AUSENCIAS:

D. Jaime Eduardo de Olano Vela

INTERVENTOR ACCTAL.

D. Sergio Aguado Delicado.

SECRETARIA XERAL

D^a. M^a Luz Balsa Rábade

Na Casa do Excmo. Concello de Viveiro, sendo as vinte horas e trinta minutos do día 29 de novembro de dous mil doce, reúnen-se, en primeira convocatoria, os Sres. Concelleiros citados anteriormente, ó obxecto de celebrar a sesión ordinaria do Pleno da Corporación, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, asistido de mín, que como Secretaria Xeral, certifico do acto do Concello.

Comprobado pola Secretaría a existencia do quórum necesario, declárase polo Sr. Alcalde aberta a sesión, polo que se procede a tratar os asuntos incluídos na Orde do Día.

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DOS PLENOS EN DATA 31/10/2012 E 15/11/2012.

Intervén D. Antonio J. Bouza Rodil en representación do Grupo Municipal do P.P. para indicar que na acta da sesión do 31 de outubro de 2012, onde figura que falta D^a. Cándida Méndez Salgado e D^a. M^a del Carmen Gueimunde González, debe constar que asistiron.

Non existindo máis obxeccións ás mencionadas actas, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes, acorda aprobar a mencionada acta.



2.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

O Sr. Alcalde dá conta das Resolucións ditadas pola Alcaldía, as cales estiveron á disposición dos Concelleiros coa restante documentación integrante do Pleno.

Non se producen intervencións, e o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes, acorda darse por informado das Resolucións ditadas pola Alcaldía.

3.- EXTINCIÓN DOS SEGUINTE ORGANISMOS AUTÓNOMOS:

- **PATRONATO DO CONSERVATORIO DE MÚSICA DE VIVEIRO.**
- **PATRONATO DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS.**
- **PATRONATO DO TEATRO “PASTOR DÍAZ”.**

Vista a proposta do Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas en orde á extinción dos seguintes organismos Autónomos:

- Patronato do Conservatorio de Música de Viveiro.
- Patronato de Instalacións Deportivas.
- Patronato do Teatro “Pastor Díaz”.

Visto o informe de Secretaría referente á lexislación aplicable á extinción dos ditos Organismos Autónomos.

Por parte da Alcaldía procédese á apertura do debate, que discorre do seguinte xeito:

Intervén o Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas para sinalar que no Concello de Viveiro contábase con estes entes dende os anos 80 e 90, e que revisada a documentación coa que se conta dos mesmos non consta que tiveran actividade, pero sen embargo o Ministerio comunicou que se paralizaba a entrega dos fondos do mes de outubro por non entregar as súas contas, e entón di que se mandou un escrito de que non existían pero ten que aprobarse polo Pleno. Apunta que non sabe porque se crearon no seu momento algúns, pero agora hai que eliminalos.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D. Antonio J. Bouza Rodil para dicir que o seu grupo está de acordo.

Intervén en representación do Grupo Municipal do B.N.G., D. Bernardo Fraga Galdo para dicir que o seu grupo está de acordo.

Intervén en representación do Grupo Municipal do i.V.i., D. Guillermo Leal Arias para dicir que o seu grupo tamén está de acordo con esta proposta.



Intervén o Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas para dicir que se engada ó acordo de extinción, comunicar este acordo plenario ó Ministerio de Facenda.

Non existindo máis debate sobre este asunto e contando con dictame favorable da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Obras e Medio Ambiente, procédese á súa votación, acordándose por unanimidade, aprobar a proposta formulada pola Alcaldía:

Primeiro.- Acordar a extinción dos seguintes Organismos Autónomos do Concello de Viveiro:

- Patronato do Conservatorio de Música de Viveiro.
- Patronato de Instalacións Deportivas.
- Patronato do Teatro “Pastor Díaz”.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ó Ministerio de Facenda.

4.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO P.P. SOBRE A REAPERTURA DA OFICINA DE CORREOS EN COVAS.

Intervén en representación do grupo municipal do P.P., D. Celestino Valentín García Paz indicando que aínda que todos os portavoces xa coñecen a moción, por respecto a todos os asistentes á sesión vai proceder á lectura da moción.

Nesta moción en síntese indicábase que a oficina de Correos, sita en Covas, pechouse con motivo da xubilación do funcionario que a atendía, co prexuízo que isto supón para a zona de Covas, provocando prexuízos ós cidadáns e usuarios do servizo, que terán que desprazarse á oficina central de Viveiro, polo que solicitan ó Pleno que adopte o acordo de solicitar a reapertura da oficina de Correos de Covas, facultar e delegar no Sr. Alcalde para que realice as xestións oportunas e transmitir o acordo anterior ó Xefe de Servizos Periféricos de Correos, así como ó Xefe de Correos de Viveiro.

Por parte da Alcaldía procédese á apertura do debate, que discorre do seguinte xeito:

Intervén o Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas, para dicir que comunica que o mesmo día que se presentou esta moción tivo unha reunión co persoal de Correos, que decían que non a volvían abrir a non ser que o Concello facilitase un local, polo que se comprometeu a que se enviaría un ofrecemento do Centro Social para maiores de Covas (que funciona só pola tarde), e un almacén, ordenador e conexión a internet, estando o Concello á espera de contestación. Apunta que apoiará a moción, que o seu grupo votará a favor, pero indica que Correos non abrirá se o Concello non lle facilita eses locais.

Intervén en representación do B.N.G, D. Bernardo Fraga Galdo, para indicar que o seu grupo está a favor, que se trata dun servizo importante para Covas. Di que está de acordo coa proposta da Alcaldía de ceder o Centro Social, pero pregunta se podería seguir aberto dúas horas.



Intervén o Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas para dicir que dende Correos se plantexou a apertura dunha hora, pero o importante é que se abra e logo xa se ampliará.

Intervén en representación do Grupo Municipal do i.V.i., D. Guillermo Leal Arias, para dicir que o seu grupo está a favor desta proposta, xa que sempre manifestaron estar a favor de manter a prestación de servizos.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D. César Aja Mariño, para propoñer que a cesión a aprobe xa o Pleno.

Intervén o Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas para dicir que para aprobar a cesión necesítase previamente tramitar o oportuno expediente, pero aínda así admite que neste sentido se pronuncie xa o Pleno, dicindo que se realizará unha cesión de uso temporal, tras o oportuno expediente.

Non existindo máis debate sobre este asunto procédese á votación, acordándose por unanimidade, aprobar a moción presentada polo Grupo Municipal do P.P., do seguinte xeito:

- 1.- Solicitar a reapertura da oficina de Correos en Covas.
- 2.- Facultar e delegar no Sr. Alcalde para que realice todas as xestións oportunas neste sentido.
- 3.- Transmitir o acordo anterior ó Xefe de Servizos Periféricos de Correos situado na C/ San Pedro Nº 5 de Lugo, así como ó Xefe de Correos de Viveiro.
- 4.- Manifestar o acordo de cesión temporal de uso durante as mañás do Centro Social para maiores de Covas.

5.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO B.N.G. DIANTE DO 25 DE NOVEMBRO DE 2012, DÍA DA NON VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES, E CONTRA OS RECORTES NA PROTECCIÓN DAS VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO.

Intervén en representación do grupo municipal do B.N.G, D^a. Olaia Casas Chaves indicando que o 25 de novembro xa pasou pero que aínda así a moción séguese mantendo porque todos os acordos neste senso sempre están ben, procedendo á lectura da moción.

Nesta moción en síntese indicábase que o medre do paro e o desmantelamento dos servizos públicos está empobrecendo de xeito especial ás mulleres, afectando gravemente á súa vulnerabilidade ante a violencia de xénero, considerando que a dependencia económica é o maior dos obstáculos para as vítimas de violencia de xénero. Apuntan que se están a vivir recortes en programas e recursos imprescindibles para o apoio a estas mulleres, ademais de indicar que a suba das taxas xudiciais pode influir na capacidade de denuncia. Di tamén que o persoal especializado e o voluntariado tamén están afectados polos recortes, así como os concellos, polo que porpoñen que o Pleno da Corporación adopte un acordo en orde a instar ó Goberno Galego a mellorar a dotación orzamentaria e facilitar o acceso ás axudas económicas a vítimas de violencia de xénero, así como desenvolver a atención psicolóxica a mulleres e crianzas na rede sanitaria pública e garantir a tutela xudicial das vítimas.



Por parte da Alcaldía procédese á apertura do debate, que discorre do seguinte xeito:

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D^a. Cándida Méndez Salgado para dicir que a loita contra a violencia de xénero é un obxectivo do goberno do Estado, e que aínda coa crise mantense o orzamento para o 2013, a pesar da débeda herdada do anterior goberno. Apunta que existía un importante impago de cotas sociais de coidadores non profesionais de dependencia, polo que ten que axustar o resto de partidas nun 15%. Sinala que a loita contra a violencia de xénero non merma as súas cifras nin un só euro, e que ascende a 7,3 millóns de euros para o 2013. Di que no caso dos brazaletes incrementábase a partida, xa que o goberno do Estado aposta por unha sociedade libre de violencia de xénero. Respecto ás políticas de igualdade apunta que no anteproxecto de reforma do Código Penal se mellora a infancia das mulleres, adaptando o apartado 2 do artigo 83 (a definición da violencia de xénero), ademais de introducir como agravante o estado de xestación e a violencia contra menores. Di que no caso de Galicia o 48,34% do orzamento adícase no ano 2012 á prevención da violencia de xénero, uns 5 millóns de euros, para prevención uns 600.000 euros, cun incremento de 2,54 euros, e para prestacións periódicas e pago único para vítimas máis dun millón de euros. Di que tamén se ampliou o orzamento para atender ó volume de solicitudes no ano 2012 tras o esgotamento de crédito, puntualizando que ata o que vai de ano se atenderon a 366 mulleres que cobren axudas. Di que para os Concellos se destinaron máis dun millón de euros para prevención contra a violencia de xénero. Apunta que as alusións á incerteza da gratuidade da xustiza son demagóxicas e incertas porque é unha materia da orde de xurisdicción penal que non está afectada por taxas nin ningunha limitación de acceso. Apunta que hai programas para a formación sanitaria, e que este ano xa se realizaron dous cursos mixtos de formación de formadores contra a violencia de xénero. Di que o P.P. pide sensatez neste tema e que non debe empregarse para confundir, considerando que o obxectivo pódese conseguir traballando todos unidos, polo que anuncia o voto en contra do seu grupo.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.S.O.E., D^a. Covadonga Viamonte Aguiar para pedir seriedade e responsabilidade neste tema. Di que se trata dunha lacra social e que se trata dun tema moi importante, como para vangloriarse nuns orzamentos que non se sabe onde están. Apunta que o Concello de Viveiro tiña subvencións para o mantemento do CIM, e o ano pasado recibíronse 6.064 euros máis que neste ano 2012, e para o 2013 xa anunciaron que ía haber outro recorte. Sinala que o P.S.O.E. cando no 2007 se aplicou neste asunto e sacou adiante unha lei, que habería que desenrolala posteriormente, pero puxéronse os medios para que fose eficaz. Apunta que nalgunhas Comunidades Autónomas se reduce porque as mulleres están nun segundo plano, que o último ano se baixou 14 postos no ránquing de igualdade, e o único que pode acabar coa violencia de xénero é a igualdade real e o resto é palabrería que só está nun papel, porque de non ser así será que entón os recortes só lle afectaron ó Concello de Viveiro, sinalando que ó Concello lle custa manter o CIM 50.000 euros ó ano, xa que só se financian 26.000 euros, e o resto póneno os veciños de Viveiro.

Intervén en representación do Grupo Municipal do i.V.i., D. Guillermo Leal Arias para dicir que non sabe se o B.N.G. pensa en retirar a moción, porque tras as cifras que apuntou o P.P. do que da o Estado e a Xunta xa non sería necesaria. Apunta que o fundamental é o feito da existencia da violencia de xénero, polo que o que marca a realidade son as cifras. Di que neste Pleno estase para tomar medidas para o Concello de Viveiro, polo que apoiarán a moción,



indicando que non hai consenso co B.N.G. para votar a favor da moción, dicindo que non entende o voto en contra do P.P.

Intervén o Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas para dicir que é certo que cando se fala da violencia de xénero só se fala dunha parte, e que a lei de igualdade a aprobou un goberno que non era do P.P. Di que o Concello de Viveiro recibía subvención para a prestación da axuda no fogar e a Xunta retiroula para darlla só ós Concellos de máis de 20.000 habitantes. Apunta que a Deputación Provincial de Lugo concede a través de Vicepresidencia 40.000 euros e o resto vaino ter que seguir poñendo o Concello. Di que a axuda no fogar, da que se aprobou a taxa o outro día, o IPREM calcúlase por nº de persoas que teñen ingresos nunha familia e non soamente polo do afectado, indicando que se aprobou o 10%, cando a Xunta propoñía ata o 30%, polo que agora vai haber xente que non vai ter subvención e polo tanto que antes non pagaba e agora vai ter que pagar pola prestación do servizo, polo que para eses casos o Concello terá que por menos diñeiro.

Intervén en representación do Grupo Municipal do B.N.G., D^a. Olaia Casas Chaves, para dicir que o Ministro recuou respecto ás taxas nos procesos penais, e indica que as cifras que son escandalosas son as cifras das vítimas e mulleres mortas, que hoxe son o dobre que o ano pasado. Di que o P.P. debería deixarse de tinguir as rúas de cor lila e dotar de cor a vida das mulleres, e que podan decidir que vida queren, como a queren e en liberdade.

Non existindo máis debate sobre este asunto procédese á votación, acordándose con 11 votos a favor, correspondentes ós grupos do P.S.O.E., B.N.G. e i.V.i, 4 votos en contra correspondentes ó grupo do P.P. e unha abstención correspondente a D^a. M^a del Carmen Gueimunde González, do grupo do P.P. aprobar a moción presentada polo Grupo Municipal do B.N.G., do seguinte xeito:

1.- A Corporación municipal de Viveiro asume o compromiso de manter e mellorar os recursos municipais de información, acompañamento e asistencia a vítimas de violencia de xénero.

2.- A Corporación Municipal de Viveiro insta ó Goberno Galego a:

Mellorar a dotación orzamentaria e facilitar o acceso ás axudas económicas a vítimas de violencia de xénero.

Desenvolver tal como sinala a Lei 11/2007 a atención psicolóxica a mulleres e crianzas na rede sanitaria pública, dotándoa dos medios materiais e humanos precisos.

Garantir a tutela xudicial das vítimas evitando a disuasión económica das taxas xudiciais.

A Corproación municipal acorda dar traslado deste acordo ó presidente da Xunta de Galiza así como ós grupos parlamentarios do Parlamento de Galiza.

6.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO i.V.i. SOBRE RECLAMACIÓN DUNHA AUTORIDADE PORTUARIA PARA A MARIÑA DE LUGO.

Intervén en representación do grupo municipal do i.V.i., D. Jesús Fernández Fernández que procede á lectura da moción, apuntando que se trata dun asunto pendente dende fai varios anos e sería bo para a comarca.



Nesta moción en síntese indicábase que dende o ano 1992 se consolidou o organismo público do estado, que xestiona a autoridade portuaria Ferrol-San Cibrao, non tendo a día de hoxe aínda a provincia de Lugo autonomía propia no porto de San Cibrao, sendo a única provincia do estado español con costa que non ten autonomía propia, a pesar de contar cun litoral de case 100 km. de costa. Apunta que Portos de Galicia manifestaba a súa vontade de creación dun único órgano de agrupación dos portos galegos, non tendo máis coñecemento disto. Tamén sinala que os beneficios xerados en San Cibrao van parar ó porto ferrolán, cando deberían invertirse na comarca, polo que propoñen que se acorde instar á Xunta de Galicia o apoio para que solicite ó Goberno de España a creación da autoridade portuaria da Mariña de Lugo, con sede no Concello de Viveiro, así como instar ós alcaldes de cada localidade da Comarca para que asuman esta reivindicación, comunicando este acordo a todos os partidos con representación no Parlamento de Galicia.

Por parte da Alcaldía procédese á apertura do debate, que discorre do seguinte xeito:

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D. César Aja Mariño, para dicir que este asunto xa se debatiu moitas veces no Congreso e sendo tanto da Xunta como do Estado. Di que este porto é unha concesión, que non está aberto ó tráfico xeral e que primeiro teríase que abrir ó tráfico e logo contar cunha autoridade portuaria, porque senón contaríase cunha autoridade portuaria que non xestionaría nada, xa que agora o xestiona Alcoa. Di que van apoiar esta moción, pero que lles gustaría que se tivese en conta este apunte, que conlevaría unha negociación con Alcoa, que tería que recibir unha compensación polo diñeiro invertido e por outra parte a autoridade portuaria sería unha autoridade que recollese tamén os portos que pertencen a Portos de Galicia dende Ribadeo a Vicedo para que o que se xerese en Alcoa repercutise tamén nos outros portos da provincia de Lugo, que é importante para toda a franxa costeira da provincia de Lugo. Di que o seu grupo a vai apoiar.

Intervén o Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas, para dicir que se vai apoiar a moción, apunta que se leva dicindo que o máis intelixente sería que cederan este porto estatal a Portos de Galicia. Di que a autoridade portuaria de Ferrol recibiu ingresos polo tráfico do muelle de San Cibrao, polo que se non fose así recibiríanse na comarca. Apunta que o maior problema está en que se tivese autoridade portuaria reinvertiríase nos portos estatais da provincia e como é o único o lóxico sería que se ceda a Xunta e logo se reinverta nos portos da provincia de Lugo.

Intervén en representación do Grupo Municipal do B.N.G., D. Bernardo Fraga Galdo para dicir que o seu grupo está a favor, e puntualiza que se alegra de que o P.P. diga que se ten que abrir ó tráfico xeral, porque o B.N.G. xa presentou no seu moemnto mocions no Parlamento para que se fixesen as xestións oportunas polo P.P. en Madrid, porque en 3, 4 ou 5 anos co que se cobra cada ano polo porto de San Cibrao xa se podía abrir o dique norte. Di que Alcoa non invertiu moito no porto, senón que onde invertiu máis foi en aumentar a factoría.

Intervén en representación do Grupo Municipal do i.V.i., D. Jesús Fernández Fernández para dicir que está de acordo co que manifesta o P.P. ós efectos da importancia para toda a franxa da provincia de Lugo, e da apertura ó tráfico, pero indica que dende sempre non houbo vontade de facelo, nin por parte do P.S.O.E. nin por parte do P.P., polo que di que se non hai



vontade pode dárselle o apelido que se queira, e que os que teñen nas mans poder conseguir esta proposta o fagan, xa que o Concello de Viveiro será un gran de area nun deserto, pero polo menos fará ruido.

Intervén en representación do Grupo Municipal do B.N.G., D. Bernardo Fraga Galdo para dicir que no punto dous se podía engadir a toda a provincia de Lugo.

Intervén en representación do Grupo Municipal do i.V.i., D. Jesús Fernández Fernández para dicir que non hai inconveniente, pero que quen ten que apoialo é a Xunta de Galicia e o Estado.

Non existindo máis debate sobre este asunto procédese á votación, acordándose por unanimidade aprobar a moción presentada polo Grupo Municipal do i.V.i., do seguinte xeito:

- 1.- Instar á Xunta de Galicia o seu apoio para que solicite ó Goberno de España a creación da autoridade portuaria da Mariña de Lugo, coa sede no noso Concello.
- 2.- Instar ós Alcaldes de cada unha das localidades que conforman a Comarca da Mariña, para que os seus concellos se sumen a esta reivindicación, pois eles tamén serían beneficiados.
- 3.- Comunicar este acordo a todos os partidos con representación no Parlamento de Galicia para a súa constancia e seguimento.
- 4.- Solicitar a apertura ó tráfico do Porto de San Cibrao.
- 5.- Extender este acordo a toda a Provincia de Lugo.

7.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO i.V.i. DE APOIO Á PLATAFORMA DE AFECTADOS POLOS ABUSOS DO MERCADO ELÉCTRICO.

Intervén en representnación do Grupo Municipal do i.V.i., D. Guillermo Leal Arias, para expoñendo en síntese a moción, apuntando que dende a liberalización das compañías eléctricas todo o mundo sabe o que pasou, xa que aplican tarifas que non proceden, realizan descontos enganosos, facturacións desproporcionadas, cambios de contadores non acordes á normativa, cortes de subministro irregulares e falta de atención ó cidadán.

Di que coa creación de plataformas de afectados perséguese que a xente sepa o que pode facer, xa que agora acuden a consumo e as conteetacións que realiza Industria son penosas. Di que se trata de ter unha base para os cidadáns de cómo se pode reclamar, e onde, e que toda esta información se realice por parroquias, ós efectos de que se poidan solucionar estes problemas, propoñendo que se acorde apoiar a Plataforma de afectados polos abusos do mercado eléctrico, instar ás distintas formacións políticas para que se tomen as medidas axeitadas para evitar estes abusos e autorizar por parte do Concello o uso dos locais nas distintas parroquias para que por parte desta plataforma, se lles informe ós veciños dos seus dereitos e medios de reclamación.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D. Antonio J. Bouza Rodil para dicir que o seu grupo está de acordo.



Intervén o Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas, para dicir que está de acordo, e que se se pode o Concello formaríase parte da Plataforma, xa que di que hai facturas de vergoña, como unhas facturas de 200.000 euros polo alumado de 2009 e 2010, que chegan dous anos despois e a tanto alzado. Di que xa hai algún Concello para facer unha plataforma para iso. Apunta que no Concello xa hai unha persoa que está atendendo ós veciños dentro das súas posibilidades facendo esas reclamacións. Di que tamén están facendo subidas encubertas polo cambio de contadores.

Intervén en representación do Grupo Municipal do B.N.G., D. Bernardo Fraga Galdo para dicir que está a favor desta moción. Di que nas compañías eléctricas hai unha mistura sospeitosa entre altos cargos políticos e membros dos consellos de administración de compañías eléctricas, que mandan nos cidadáns coa connivencia dos bancos. O cidadán é o que sae perdendo, e apunta que estas plataformas axudarán a que a xente poda entender o que están a facer, como a subida encuberta cos cambios de contadores.

Intervén en representación do Grupo Municipal do i.V.i., D. Guillermo Leal Arias para dicir que os expresidentes do goberno forman parte dos Consellos de Administración das compañías eléctricas.

Non existindo máis debate sobre este asunto procédese á votación, acordándose por unanimidade aprobar a moción presentada polo Grupo Municipal do i.V.i., do seguinte xeito:

- 1.- Apoio á Plataforma de afectados polos abusos do mercado eléctrico.
- 2.- Instar ás distintas formacións políticas, tanto do Parlamento autonómico como estatal, para que se tomen as medidas axeitadas, para evitar o abuso que realizan as compañías subministradoras.
- 3.- Autorizar por parte do Concello, o uso dos locais nas distintas parroquias, para que por parte desta plataforma, se lles informe ós veciños dos seus dereitos e medios de reclamación.

8.- ROGOS E PREGUNTAS.

A.- PREGUNTAS E ROGOS FORMULADOS POLO GRUPO MUNICIPAL DO i.V.i. EN DATA 28-08-2012 (Nº REXISTRO 7.267)

PREGUNTAS

1.- Ante a pregunta de que a embarcación pertencente ó concello “A Pomba”, levada ó peirao norte de Celeiro, por Portos de Galicia o día 3 de outubro de 2011, estaba valada para evitar e impedir que ninguén subira nela, e dende fai tempo está sin valados que impidan acceder á mesma, ¿de quen depende isto?, se ocorre calquera sinistro a bordo ¿quen será o responsable?

Intervén o Sr. Alcalde para contestar que o Concello non as retirou e que se hai un sinistro por persoas alleas ó Concello que suban a bordo eles serán os responsables.



2.- Ante a pregunta de que seguindo coa mesma embarcación ¿cómo está a demanda do Concello fronte a Portos de Galicia?

Intervén o Sr. Alcalde para contestar que se arquivou, pero agora xa se sabe que o que é arquivado pode ser reaberto.

3.- Ante a pregunta de que na intersección entre a acera da marxe esquerda (en dirección á capela da Misericordia) e o paseo marítimo (perto da Opel), hai un desaugadoiro que dende fai tempo desprende un olor nauseabundo, ¿de onde proceden as augas que alí saen ó mar? Está previsto arranxar a situación.

Intervén o Sr. Alcalde para contestar que ahí normalmente é o rebosadeiro de augas pluviais, de cando hai choivo e o alcantarillado no da saído.

4.- Xa se denunciara hai tempo o cheiro que desprendía a estación da EDAR do cruce de Celeiro. ¿Fíxose algunha xestión ó respecto para tratar de solucionar este tema?

Intervén o Sr. Alcalde para contestar que se fixeron as xestións necesarias para aumentar a frecuencia da limpeza dos excedentes da antiga decantadora e depuradora. Di que o cheiro da EDAR deste xeito tamén se elimina. Apunta que tanto o que pregunta como o que responden saben que hai outros emisores de olores que proceden de naves de Celeiro.

5.- Despois do caos circulatorio sufrido de novo durante os meses de Xullo e de Agosto, con ringleiras de coches dende Magazos, As Sirenas ou dende o cruce de Celeiro, ata o centro de Viveiro, ¿ten o equipo de goberno algunha resposta da Xefatura de Tráfico polo tema da rotonda prevista perto da ponte de FEVE?

Intervén o Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas para contestar que quere aclarar todas as inexactitudes e mentiras respecto da dobre dirección. Di que o que impulsou que se poda facer a dobre dirección de sentido circulatorio tal e como era o proxecto inicial foi este goberno municipal, pero di que para iso houbo que conseguir 570.000 euros para ampliar a ponte de FEVE no ancho e alto, xa que antes os camións de Celeiro do peixe tiñan que pasar polo centro. Apunta que despois houbo que arranxar a rotonda da Misericordia que non permitía o xiro dos camións. Di que esas dúas inversións que se dixo que non se facía nada polo Concello, e sen elas non se podía realizar a obra para poder ter o dobre sentido de circulación. Sinala que xa están en contacto os técnicos da Dirección Provincial de Estradas e o arquitecto municipal de obras, que dirixe e realiza máis de 250 proxectos e direccións de obra ó ano en Viveiro. Di que en menos de un mes se asinará un Convenio de 140.000 euros, que dará cobertura á obra da rotonda pequena e ó ensanche xunto ó Mesón A Ría , así como comerlle á beirarrúa fronte á Porta de Carlos V. Di que estas actuacións están valoradas en 140.000 euros. Apunta que nese momento, cando se asine o convenio se logo non se realizan as obras e cando se pode preguntar.

6.- Despois do pasado verán 2011, no Pleno ordinario de outubro por parte deste grupo municipal facíase un Rogo para tratar de regular a instalación de autocaravanas no Concello, coa creación dun espazo controlado ou ben facer unha ordenanza municipal para a regulación



das mesmas. Por parte da Alcaldía respostábase que o mellor era facer unha Ordenanza municipal cos permisos temporais a que teñan dereito e limitacións de aparcamento. Este verán volveuse a repetir a escena, ¿tense feito algo deste tema?

Intervén o Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas para contestar que non se fixo esa ordenanza porque hai que regulalo moi ben, xa que no lugar que se podía designar para isto están as festas de Celeiro e o Resurreccion Fest, polo que dende o 15 de xullo ata o 10 de agosto non se podería autorizar.

7.- No aparcamento de Covas, fronte os Castelos, cada quen aparca como quere, sin ordenación ningunha ¿poderíase proceder á pintada das marcas de aparcamento para delimitar a zona? Así mesmo seguimos sen a colocación da iluminación.

Intervén o Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas para contestar que onde había un barrizal e se aparcaba do xeito que podían, hoxe hai unha ampla zona de estacionamento, con aglomerado. Di que se está esperando ás condicións meteorolóxicas que permitan pintala dunha tirada. Apunta que o Estado retirou a inversión que concedía para o POS, e este ano hai 35.000 persoas, entre a Deputación e o Concello e realizarase unha obra que permitirá ter unha zona de contenedores soterrados e barandillas que separen esa zona dos aparcamentos e buses, sinalando que está remitida a memoria á Deputación.

8.- Temos varias queixas de veciños sobre a limpeza en varias zonas do Concello, sobre todo nas fins de semana no casco, así como o do mal olor que desprenden os contenedores, ¿ten constancia destes feitos o goberno municipal? ¿vaise facer algo para solucionar isto?

Intervén o sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas para contestar que neste último mes se falou con CESP, di que hai dous problemas, un dos que baixan o lixo ás 8, e dos bares que o tiran ás 2, e por outro lado CESP que non limpa moito, polo que haberá que solucionar o problema con presión á empresa.

9.- Varios bancos de madeira e tamén mobiliario urbano do paseo marítimo fluvial que vai de Xunqueira ata Portochao deteriorados debido ó vandalismo, están sen repoñer e arranxar, ¿cando se vai proceder?

Intervén o Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas para contestar que segundo informe da Policía xa saben quen foi e di que se falou cos responsables dos menores para que paguen os gastos. Di que o actual traballador que substitúe ó carpinteiro prexubilado operouse e non se pode substituír porque o Decreto do Estado non o permite.

10.- Queixáronse varios veciños de que o rexistro xeral municipal do Concello permaneceu sen atención ó público o pasado venres día 17 de agosto ¿a qué foi debida esta situación?

Intervén o Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas para contestar que era a ponte de San Roque, e que se puxo un cartel que indicaba que se podía acudir ó edificio da Consellería de Pesca.



11.- No pasado Pleno do mes de maio de 2012, por parte deste grupo municipal presentouse unha moción para “solicitud de axudas para a rehabilitación das vivendas do Celeiriño” ¿tivo o Concello, por parte da administración autonómica resposta algunha deste importante tema?

Intervén o Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas para contestar que se lles entregou unha copia do escrito da Dirección Xeral de Vivenda que non aceptaba.

12.- Despois de varias roturas na canalización da auga en varias zonas da parroquia de Magazos, debido ó deterioro das tuberías ¿está previsto tomar algunha medida?

Intervén o Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas para contestar que sí, que o arranxo da zona de canalización, algún recheo que se fixo para faciliatr que algunhas obras quedaran á altura da estrada son os que provocan isto. Di que os lugares máis problemáticos custarían sobre 64.000 euros, e que se chegou a un acordo con Aquagest para invertir só 10.000 euros en material e a man de obra poñela Aquagest, aproveitando a obra de reposición do gas.

ROGOS

1.- As obras de reposición do firme da estrada LU-862, dende a rotonda do Motel Las Sirenas ata o cruce á praia de Area, executadas pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, no seu pintado, presentan varias deficiencias.

Oíndo as demandas dos veciños, e que estimamos que nas zonas que se van sinalar de seguido existe visibilidade dabondo ROGAMOS se solicite a dito departamento da Xunta e así mesmo, se tamén corresponde, á Xefatura Provincial de Tráfico, o repintado nalgunahs zonas, dado que só se pode cruzar dende un lado da vía, e citamos varios exemplos, entre outros:

Un vehículo que ven de Celeiro e quere ir ó aparcadoiro de supermercado Eroski, non pode cruzar ten que ir xirar á rotonda da entrada de Viveiro.

Un vehículo que vaia en dirección a Celerio e queira ir ó muelle da baixura (por exemplo mariñeiros para embarcar), non se pode xirar á esquerda e hai que ir ata a Consellería de pesca para voltar atrás.

Na recta de Cantarrana, fronte ó Edificio Parquemar, e todo liña continua, e se se quere aparcar no outro lado da vía, non se pode cruzar, en ámbalas direccións.

Un vehículo que queira ir ó taller da Renault, en dirección Ribadeo, non pode cruzar.

Intervén o Sr. Alcalde para dicir que a ordenación do tráfico aquí é de titularidade autonómica, polo que se lles dará traslado. Di que onde podía facer algo o Concello xa o fixo, así en Catro Camiños querían pintar unha rotonda e di que falara con Xerardo Pallares porque se trataba dunha vía municipal.

Intervén en representación do Grupo Municipal do i.V.i., D. Jesús Fernández Fernández para dicir que nalgún sitio se mellorou pero para ir ó Porto da baixura hai que ir a Celeiro e non se pode cruzar, cando se trata dun sitio de perfecta visibilidade.

2.- Seguindo na mesma estrada ROGAMOS ó Goberno municipal que solicite, a quen corresponda, o selado das tapas dos rexistros ó longo da estrada, pois móvense case todas, co perigo que pode acarrear a calquera vehículo se de tanto vibrar afondan.



Intervén o Sr. Alcalde para dicir que xa chamou en setembro á empresa un día e arraxaron dúas ou tres, polo que se mandou facer unha chave como a deles para poder axustarse directamente.

3.- Así mesmo na Rúa Lavandeiras, varios veciños fixéronnos a mesma indicación, xa que polas noites en varios puntos case que é imposible conciliar o sono polos ruídos que desprende. Rogamos solución para o mesmo.

Intervén po Sr. Alcalde para dicir que a contestación é igual que a do rogo nº2.

4.- Dado que o vindeiro 31 de agosto remata os seus servizos neste concello a Interventora provisional e dado o volume de traballo que se realiza nese departamento, que estimamos prioritario para o bo desenvolvemento do Concello e polo que ROGAMOS se fagan todas as xestións posibles ante os organismos que correspondan, o obxecto de cubrir á maior brevidade posible esa praza.

Intervén o Sr. Alcalde para dicir que iso non depende do Concello, que se comunicou á Dirección Xeral de Administración Local pero que non veu ninguén, que o Interventor accidental está esperando a que se cubra, pero este ano non sae a concurso, sae o ano que vén, pero cubriríase provisionalmente por un habilitado nacional se quixese vir alguén.

**B.- ROGOS FORMULADOS POLO GRUPO MUNICIPAL DO i.V.i. EN DATA 19-09-2012
(Nº REXISTRO 7.859)**

ROGOS

1.- Que tras a presentación por este grupo no Pleno do 29/10/2011, dunha moción para solicitar de novo a concesión do Porto Deportivo a favor do Concello de Viveiro, a cal aprobouse co voto a favor de todos os grupos, excepto a abstención do P.P., que por parte da Alcaldía, se nos indique as xestións realizadas e as respostas obtidas por PORTOS DE GALICIA ata a data.

Intervén o Sr. Alcalde para dicir que Portos ten unha boa colaboración institucional, e que ademáis é inviable economicamente coas taxas que hai que pagar e por iso non se presentou.

2.- Que se estude a posibilidade de que o Concello de Viveiro, se poda persoar no Concurso publicado para a concesión do Porto Deportivo.

Intervén o Sr. Alcalde para dicir que se persoarán e farán chegar ó Ministerio de Interior esa vontade.



C.- PREGUNTAS E ROGOS FORMULADOS POLO GRUPO MUNICIPAL DO i.V.i. EN DATA 26-11-2012 (Nº REXISTRO 9.543)

PREGUNTAS

1.- No Pleno do 29 de decembro de 2011, por parte deste grupo municipal facíase unha pregunta sobre o estado da fonte do Cadafalso, no inicio da Rúa Alonso Pérez, dado que estaba practicamente sen caudal. Moitos veciños temían que a auga se desviara no seu percorrido ata a saída. Por elo solicitábase á Concellería de Obras que buscara o problema para darlle unha solución a fin de poñela en funcionamento. Por parte da Alcaldía contestábase nos:

Que a esta fonte do Cadafalso ténselle moito cariño e levaba máis de vinte anos sen funcionar. Esta fonte se arranxou e xa se conectaba cuns manantiais, pero neste intre temos que mirar que é o que pasa co caudal.

Pois ben a pesares do tempo transcorrido e de que nos atopamos xa case que no inverno segue sen dar o caudal que debería dar. Dos tres canos que ten, só funciona un e non ben de todo, outro vota un fio de auga e o terceiro non vota nada. Solicitamos de novo que se busquen as causas e se poña a funcionar correctamente.

Intervén o Sr. Alcalde para contestar que se recuperou parte do manantial e non se atoparon desviacións, trátase de que sempre se conserve a totalidade do cauce de cando a puxemos en servizo, agora ten menos auga por problemas de manantiais e de obras próximas.

2.- O servizo de alcantarillado da zona da Granxa en Viveiro, cremos que rematou ¿cal é o motivo polo que non está operativo? ¿cándo se vai poñer en funcionamento o mesmo?

Intervén o Sr. Alcalde para contestar que falta a conexión eléctrica co pozo de bombeo, que xa está solicitada e di que ó primeiro unha veciña non deixou pasar e custou 15.000 euros máis que dixeran que non, posibilitándose logo que chegasen as obras a outros veciños.

3.- ¿Ten constancia o Concello da petición de arquivo da Capitanía marítima de Viveiro por parte do museo provincial do mar de San Cibrao? Solicitamos que se fagan as xestións oportunas por parte do Concello para que se quede onde está.

Intervén o Sr. Alcalde para contestar que non se tiña coñecemento disto pero que se fará o necesario para que se quede o arquivo aquí. Di que solicitarán á Deputación de Lugo que retire esa petición e apoie que se quede en Viveiro.

4.- ¿Cal é o motivo polo que non se encende a calefacción no teatro Pastor Díaz?

Intervén o Sr. Alcalde para contestar que o ano pasado se puxo un xerador que ó mellor este ano tamén hai que volver a poñer. Di que durante varios anos se mentaba dicindo que era o Concello o que non pagara o transformador a barras, e a factura presentouna en novembro de 2011 e pagouse en febreiro, e hai un mes que viñeron facer as conexións para os tres edificios



do Concello e conectáronos porque xa se deixaran preparadas as conexións cando se arranxou a rúa. Di que o boletín de conexión, no caso do Teatro, dende que ramataron as obras no ano 1990 nunca se deu de alta a conexión, polo que segundo informou o técnico posiblemente haxa que facer un gasto para cambiar todo o cableado, instalación e limitadores para que se axusten á normativa vixente.

ROGOS

1.- Foron varios vecilos os que nos preguntaron para que vai servir a calle na Rúa de Alonso Pérez, que se está abrindo, por detrás do edificio que se está construindo na actualidade. Por iso ROGAMOS que nos explique o equipo de Goberno cal é motivo da apertura desa calle, e se ía no proxecto e na licenza municipal, e si unha vez rematadas as obras vaise pechar de novo.

Intervén o Sr. Alcalde para dicir que se está facendo a parte que na licenza de obra ten que facer o promotor, polo que ten que realizar o que se recolle no PEPRI respecto á rúa posterior. A rúa terá acceso polos dous calexóns. Di que se abreu polo Cristo dos Malates un vial que lle permitiu ó dono desa finca realizar a obra, que ó rematar volverá ó estado inicial. Apunta que en decembro ten que meter as conexións para o saneamento. Di que a Vilamiño se lle pediu que retirase para logo poder ensanchar a rúa, e que algún día se lles pedirá ós de enfronte. Sinala que se non o fíxese non tería licenza de 1ª ocupación, previa consulta ós Xulgados sobre si se pode conceder.

2.- No Pleno do día 27 de outubro de 2011, por parte deste grupo municipal, facíase unha pregunta relativa á desaparición e peche dos centros comarcais.

A súa resposta: dise que non houbo contestación ó escrito aínda, pero sabemos que remata a concesión no ano 2014, polo que terá que revertir a quen ten a propiedade e deste xeito tamén está o edificio do ambulatorio.

Cando sexa que días pasados consumouse o peche do edificio da Avda. Ramón Canosa, e polo que ROGAMOS ó equipo de Goberno que realice todas as xestións oportunas para que o local pase a ser pertencente ó Concello de Viveiro.

Intervén o Sr. Alcalde para dicir que este Concello solicitou transformar as concesións do Concello nesa zona, a desafectación de Lavandeiras e Lodeiro e ata que dure faremos a reclamación á Xunta do edificio por non estar destinado ó fin establecido.

D.- PREGUNTAS FORMULADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO P.P. EN DATA 24-07-2012 (Nº REXISTRO 6.594)

1.- No pleno do 30-01-2012 aprobouse por unanimidade, xestionar ante a dirección de BEGASA, co obxecto de que o persoal desta empresa siga permanecendo en Viveiro, así como dar traslado deste acordo ós Concellos da zona e á Consellería de Industria. É por isto polo que preguntamos:

¿Fíxose esta xestión?

En caso afirmativo ¿quen a fixo e cando?

¿cal foi o resultado?



Intervén o Sr. Alcalde para contestar que se enviaron os acordos ós sitios que se reflexa que hai que facelo, non hai coñecemento de resultados.

2.- Según os veciños de Chavín, o día 20 de abril de 2011 un turismo que circulaba pola ponte de Quintero que cruza o río Valcarrría derribou un petril de pedra que todavía se encontra no mencioando río. Por isto preguntamos

¿ten coñecemento o goberno local deste feito?

En caso afirmativo, e dado o tempo transcorrido, ¿cal é o motivo polo que non se arranxou?

¿teñen prevista a súa reparación? De ser así ¿para cando?

Intervén o Sr. Aclalde para contestar que xa está feito.

3.- A Rúa Vila de Ortigueira na parroquia de Covas, só dispón de beirarrúas na súa marxe dereita nun tramo paralelo a un muro de peche dunha finca, motivo polo que os peons teñen que usar a zona de rodadura de vehículos unha vez que estas rematen; o resto da Rúa presenta un mal aspecto con maleza, un alumeado público moi inferior ás rúas contiguas e incluso un firme cheo de fochancas que dificulta a circulación dos vehículos, é por isto que preguntamos: ¿ten o Goberno local pensado acometer obras nesta Rúa para rematar as beirarrúas, mellorar a súa limpeza, o seu alumeado e inclusive reparar o estado do firme da estrada?

Intervén o Sr. Alcalde para contestar que está de acordo en que hai que mellorar a limpeza, o alumeado, e que xa se mellorrou. Di que temos previsto reparar a estrada cando veñan as máquinas da Deputación. Di que o P.P. non facía nada alí.

4.- Moitos contenedores, sobre todo nestas datas, ben sexa porque os usuarios non respectan os horarios de baixada do lixo, ou ben porque non se lavan coa asiduidade necesaria, desprenden uns olores nauseabundos, ademáis de presentar un aspecto moi sucio, motivos polos que preguntamos:

¿con que frecuencia se lavan os contenedores?

Teñen pensado aumentar a frecuencia de lavado nestas datas estivais?

Quen se encarga de controlar o correcto funcionamento deste servizo?

Intervén o Sr. Alcalde para contestar que a resposta é a mesma que na pregunta nº 3.

5.- Na Xunta de Goberno Local do 19 de marzo de 2012 no apartado de Escritos e Comunicaci3ns, páxina 12 punto B-XUN/45/2012, dase conta dun escrito do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, sección 3, referente a unha demanda de Cosntrucciones Furadiña S.L. por reclamaci3n de cantidade. Por descoñecer que cantidade reclama Construcci3ns furadiña S.L.formulamos as seguintes preguntas:

¿que cantidade reclama Cosntrucciones Furadiña S.L. ó Concello?

¿En que concepto reclama Cosntrucciones Furadiña cantidade algunha?

Intervén o Sr. Alcalde para contestar que preguntou ó departamento de servizos xurídicos e que lle dixeron que non se podía dar eses datos por escrito, pero que poden sen problema vir a ver a documentaci3n en calquera momento avisando á Secretaria municipal.



6.- Na acta da Xunta de Goberno lcoal do 23 de maio de 2012, nas páxinas 36 e 37 no punto G-XUN/84/2012, aparece un escrito da Oficina Municipal do Catastro, no que se da conta dun escrito da Xerencia Territorial do Catastro de Lugo comunicando a baixa da titularidade do ben inmoible con referencia catastral 27067A004000370000XD (polígono 004, parcela 00037, paraxe Abelleria, Area), finca que coresponde cunha propiedade municipal e que tal e como parece uns particulares están intentando apropiarse da mesma.

Por este motivo preguntamos:

¿Realizáronse as xestións oportunas para que esta finca municipal o siga sendo?

En caso afirmativo, ¿quen as realizou, en qué consistiron e ante quen se fixeron?

¿Identificouse ás persoas responsables da presunta apropiación indebida?

¿Tense pensado levar a cabo algunha acción contra estas persoas que intentaron adueñarse deste ben municipal según aparece por segunda vez?

Intervén o Sr. Aclalde para contestar que se remitiu solicitude ó Catastro para saber como unha finca de titularidade municipal se da de baixa sen comunicación, e se da de alta a nome de particulares. Di que o Concello solicitou certificación rexistral que certifica que está a nome do Concello. Interpúxose recurso de reposición ante o Catastro, para poñelo a nome do Concello, e o Catastro desestimouno. Di que en maio se remitiu ó Departamento de Servizos Xurídicos para remisión ós abogados ó fin de interpoñer acción reivindicatoria. Apunta que nos anos 90 se reclamaron danos e arquivouse esta causa, pero o Concello nunca reclamou a titularidade.

E.- ROGOS FORMULADOS POLO GRUPO MUNICIPAL DO P.P. EN DATA 24-07-2012 (Nº REXISTRO 6.595)

1.- O firme da estrada ó inicio da Rúa Parrela, en Covas, está cheo de fochancas, motivo polo que rogaríamos se procedese á súa inmediata reparación, xa que á dificultade para circular pola mesma únese o mal aspecto que presenta, feito que non repercute positivamente na imaxe que os turistas, que nestas datas visitan, poidan levar da cidade.

Intervén o Sr. Aclalde para dicir que ó pasar o verán se pintaron todos.

2.- Sen sair da parroquia de Covas, sinalar que en varias rúas como Granxas, Fernando Osorio Páramo, Parrela, Castelao, Cantarrana,. Emilio Bouza Basanta e Celso emilio Ferreiro, obsérvase a falta de pintura nos pasos de peóns, co conseguinte risco á hora de atravesalos, motivo polo que rogamos ó equipo de Goberno quen tomen as medidas oportunas para o repintado destes pasos de peóns.

Intervén o Sr. Aclalde para dicir que ó pasar o verán se pintaron todos.

3.- O aparcamento situado entre o antigo edificio da Cruz Vermella e o CEP Lois Tobío, o inicio da Avda. Martín Ledesma, presenta un firme moi deteriorado, cheo de fochancas, motivo polo que rogamos ó equipo de goberno que proceda ó seu bacheado.



Intervéno Sr. Alcalde para dicir que se procederá 1º arranxando as rúas e logo os apracamentos.

F.- PREGUNTAS FORMULADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO P.P. EN DATA 17-08-2012 (Nº REXISTRO 7.025)

- 1.- ¿Cal é o motivo polo cal a franxa sita entre os edificios de Verxeles e a estrada da Variante non é a día de hoxe a concesión municipal?
- 2.- ¿En que fase está o mencionado expediente?
- 3.- ¿Cando prevé o Alcalde que a franxa mencionada será concesión municipal?

Intervén o Sr. Alcalde para contestar que vai aclarar este tema para que se deixen de dicir o que non é verdade. Di que hoxe está presentado polos promotores no Concello o Proxecto para a urbanización. Apunta que o primeiro que fixo o Concello foi solicitar un acordo con Costas e os veciños e como formaba parte da concesión da licenza quen ten que urbanizar é o promotor. Di que o que tivo que solicitar a Costas autorización para urbanizar esa franxa é o promotor, porque é unha codición da licenza, sendo él o que ten que levar a cabo a urbanización, e para iso é necesario que conte coa autorización de Costas. Apunta que os promotores tiñan que presentar este proxecto, xa que o tiñan imposto na licenza de obra, cunha condición de urbanizar a parcela. Sinala que como o PEPRI debuxa que continúe a estrada e logo Costas autorizou a variante máis abaixo, primeiro teñen que abrir a estrada como está no PEPRI. Di que hoxe lle deu traslado a Costas do proxecto de urbanización para que sexa autorizado, e que unha vez realizadas as obras de urbanización será cando poida recibirse, apuntando que está claro na licenza de obra.

Intervén en representación do grupo municipal do P.P., D. César Aja Mariño para dicir se a concesión quen a ten que solicitar son os promotores.

Contesta o Sr. Alcalde que son os promotores os que teñen que urbanizar coa autorización de Costas.

G.- PREGUNTAS FORMULADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO P.P. EN DATA 21-08-2012 (Nº REXISTRO 7.084)

- ¿Qué tipo de traballo realizou a empresa Proitec Ingenieros S.L. para o Concello de Viveiro e en qué lugar?
- ¿Qué órgano municipal contratou á mencionada empresa?
- ¿A canto ascendeu a cantidade endebedada?
- ¿Tiña o equipo de Goberno coñecemento de que a mencioanda empresa está relacionada co caso Campeón?

Intervén o Sr. Alcalde para contestar que o P.P. xa pagou votar estas facturas. Di que o caso Campeón foi posterior, e apunta que aquí se traballaba habitualmente con outras empresas que están agora no caso Muralla, polo que cando se contrataba aínda non o sabía.



H.- PREGUNTAS FORMULADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO P.P. EN DATA 21-08-2012 (Nº REXISTRO 7.085)

¿Cando se lle outorgou á empresa INMOXERIÓN S.L. a cédula de primeira ocupación

¿Que persoa ou que órgano colexiado outorgou dita cédula de habitabilidade?

Dado que a licenza de obra está denunciada e admitida a trámite por posible concesión ilegal ó outorgarse cos informes técnicos e xurídicos en contra ¿como se outorga unha cédula de primeira ocupación para unha obra cuxa licenza pode ser declarada ilegal?

Intervén o Sr. Alcalde para contestar que é bo saber que xa se sabía que ía continuar adiante, porque nese momento estaba arquivada. Di que non ten nin solicitada licenza de primeira ocupación, que ten entronque de auga de obra, e que o que ten autorizado é que ó facer as beirarrúas deixe feito o entronque. Apunta que pasará por escrito que en Aquagest só ten un contador de 20 para servizos de obra.

I.- PREGUNTAS FORMULADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO P.P. EN DATA 25-10-2012 (Nº REXISTRO 8.754)

1.- Segundo os veciños dos barrios de Pontigo, Parraguesa e Hermosende da parroquia de Galdo, unha vez rematado o sanemaneto fai xa un ano, este non se encontra operativo, polo que preguntan ¿cales son os motivos polos que, despois de ter rematada esta obra dende xa fai un ano, non se encontra operativo?

2.- ¿Para cando está previsto a súa posta en servizo?

3.- Sen saír da parroquia de Galdo, concretamente no seu barrio máis importante na Feira, tamén nos consta que se encontra sen saneamento, o que aboca ós veciños ou a ter un pozo negro ou a verter directamente ó río, polo que preguntamos ¿cando se pensa acometer o saneamento do citado barrio?

Intervén o Sr. Aclalde para contestar que nos 16 anos de maioría absoluta do P.P. non había alcantarillado nesa zona. Di que no anterior Pleno dixo as dificultades que existían coas eléctricas, e xa se está arranxando. Apunta que pedían que se puxeran postes e logo non deixaban colocalos, polo que se realizou, de xeito subterráneo, e que para esta semana, cando autoricen enchufar entrará en funcionamento.

E non habendo máis asuntos que tratar, por parte do Sr. Alcalde levántase a sesión, sendo as 11:30 horas do día 29 de novembro de 2012, extendéndose de todo o tratado a presente acta, da que eu, como Secretaria, dou fe.